

Os menores de 6, lonxe dos centros de acollida

19.10.2008 Os pedagogos galegos rexeitan o seu internamento, xa que se descolocarían ó non poder recoñecer as figuras do pai ou da nai

E.P. . SANTIAGO

Os menores de 6 anos en desamparo "nunca" deberían ir a un centro de acollida, pois a esa idade necesitan establecer vínculos familiares "próximos" e porque as súas figuras de referencia son os roles paternos. Doutro xeito, no centro sentirían os educadores como "persoas estrañas" e "delocaríanse" ao non poder sinalar un pai e unha nai.

O presidente da Asociación de Pedagogos de Galicia (Apega), José Manuel Suárez Sandomingo, defende que na seguinte fase de idade, entre os seis e os 12 anos, os nenos inician as súas relacións con outros nenos e persoas maiores, é dicir, ven o mundo "máis en conxunto", polo que xa estarían en disposición de acudir a un centro.

No entanto, avogou por que sexan acollidos por unha familia "porque vincula máis que un profesional, que vai estar máis atento a posibles problemas que á afectividade", engadiu Suárez.

Con todo, en maiores de 12 anos desaconsellou o seu acollemento debido a que, na etapa preadolescente, os adultos "xa non son figuras de referencia, senón que o é a xente da súa idade". Ademais "queren saír, ter amigos e ven os maiores como xente que impón normas, polo que están moi coartados nunha casa". Deste xeito, nun centro estarán mellor controlados e "non baixo unha situación tan estrita como a familiar", con profesionais que coñecen todos os casos e todos os modos educativos.

Tras o congreso sobre acollemento que tivo lugar esta semana en Santiago, Suárez Sandomingo explicou a diferenza entre esta vía e a adopción, as súas características e problemas, as reivindicacións laborais que corresponden aos pedagogos neste ámbito e tamén reclamou novos modos de acollemento que en Galicia aínda non son posibles. Así, matizou que o acollemento é unha situación temporal na que unha familia "acolle" un neno ata os 18 anos, momento no que decide independizarse ou volver coa súa familia; mentres que na adopción, o neno considérase un membro máis da unidade familiar.

Con todo, admitiu que esta vía é pouco recorrida en Galicia e en xeral, en España e nos países latinos, posto que "se manteñen os fillos en casa ata os 30 anos". "Somos unha sociedade moi protectora, na que o neno se concibe case como unha propiedade e non como unha persoa que ten que ser autónoma e facer a súa vida", explicou, á vez que constatou que se dan máis casos de adopción que de acollemento polo sentimento de perda ao ter que abandonar o fogar.

A maioría son acollidos por membros da súa familia

En clave galega, indicou que a maioría dos nenos que se atopan en situación de desamparo son acollidos por outros membros da súa familia, situación que se cuadruplica fronte ao acollemento externo. Deste total, que "moitas veces o fai por que lle dá un pouco de vergoña non acoller un familiar", Suárez Sandomingo apuntou que un 85 por cento se corresponde cos avós ou a familia materna, fronte a un 15 por cento dos casos nos que a paterna é a que se fai cargo.

A Xunta ten "moito que desenvolver" nesta materia

O presidente dos pedagogos galegos debullou, durante a súa participación no congreso sobre acollemento desta semana, os distintos tipos de acollementos que existen.

Nun primeiro caso, está o familiar, de modo que o neno pasa a vivir con outros membros da unidade distintos dos seus pais; aínda que, no caso de que estes non poidan pola causa que sexa, non queiran ou non existan, pode ser acollido por outra familia allea.

Dentro deste último caso, en España ábreanse varias vías, como o acollemento de urxencia, polo que unha familia se presta a acoller un neno en situación de desamparo "en calquera momento do día" mentres non se lle busca unha familia permanente. Recórrase a estas familias, sobre todo, as fins de semana e nas tardes, cando o persoal que decide sobre o menor se atopa fóra do horario de traballo.

Outra posibilidade é o acollemento profesionalizado, polo que menores con discapacidades ou determinadas condicións son recibidos por educadores sociais, pedagogos, psicólogos, que poden "dar respostas adecuadas e traballar as necesidades específicas" do menor. No entanto, ningunha destas dúas vías é posible en Galicia, posto que, segundo apuntou Suárez Sandomingo, a Xunta "ten moito por desenvolver en canto a acollemento".

Neste sentido, reclamou que se teña en conta o papel dos pedagogos para valorar a conduta e a educación que se lle debe dar ao menor .